



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE NOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 46)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **nove de novembro de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Álvaro Santos Ramos.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOUS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de novembro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 e na sesión extraordinaria de data 16 de xuño de 2017 foi aprobado dito Plan. Establécese na base 20 que todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31 de outubro de 2018 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de novembro de 2018. Excepcional e motivadamente, o Concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno.

Resultando que pola Xunta de Goberno en data 26 de outubro de 2018 foi acordado que as solicitudes de prórrogas para execución e xustificación dos investimentos incluídos no Plan Único 2017, feitas dentro do prazo (31 outubro de 2018) indicado nas bases, pero recibidas nesta Deputación con posterioridade a esta data (31 de outubro de 2018) poidan ser autorizadas pola propia Xunta de Goberno inda que o acordo sexa con posterioridade ao 31 de outubro de 2018.



Polas Alcaldías dos Concellos que se sinalan solicítase unha prórroga para a súa execución e xustificación dos investimentos, polos motivos e prazos que se sinalan:

O Concello de Cervantes incluíu ao abeiro do Plan Único 2017 os seguintes investimentos:

CERVANTES	51	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE ACCESO EN SAN MIGUEL, P.K. 0+000 -0+711, INCLUÍDO HONORARIOS PROXECTO.				
		FINANCIACIÓN	41.872,13	0,00	41.872,13		X
	52	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE ACCESO EN VILASPANTES (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS PROXECTO.				
		FINANCIACIÓN	12.403,58	0,00	12.403,58		X
	53	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE ACCESO EN VILARELLO DA IGREXA (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS PROXECTO.				
		FINANCIACIÓN	22.619,62	0,00	22.619,62		X
	54	IDENTIFICACIÓN	CONSTRUCCIÓN DUN MURO ESCOLLEIRA EN SAN MARTIÑO DE CEREIXEDO, INCLUÍDO HONORARIOS PROXECTO.				
		FINANCIACIÓN	11.316,75	0,00	11.316,75		X
	55	IDENTIFICACIÓN	CONSTRUCCIÓN DUN MURO ESCOLLEIRA EN CELA, INCLUÍDO HONORARIOS PROXECTO.				
		FINANCIACIÓN	11.228,60	0,00	11.228,60		X
	56	IDENTIFICACIÓN	AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES, INCLUÍDO HONORARIOS PROXECTO.				
		FINANCIACIÓN	53.990,66	13.447,99	67.438,65		
	57	IDENTIFICACIÓN	SANEAMENTO NO NÚCLEO DE POBOACIÓN DE CASAS DO RIO, INCLUÍDO ELABORACIÓN PROXECTO				
		FINANCIACIÓN	27.909,25	0,00	27.909,25		X
	58	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DE VIA MUNICIPAL DE ACCESO Ó NÚCLEO DE O MAZO (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS PROXECTO				
		FINANCIACIÓN	37.917,64	0,00	37.917,64		X

Resultando que pola Xunta de Goberno de data 19 de xaneiro de 2018 de 2018 foi acordado acceder ao solicitado polo Concello de Cervantes e que puidera adicar os remanentes xerados en investimentos incluídos inicialmente no Plan Único aos seguintes investimentos:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVERSIÓN
CERRAMENTO EXTERIOR EN EDIFICIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES EN SAN ROMÁN	7.750,38€	0,00€	7.750,38€
PAVIMENTACIÓN E ACCESOS NOS NÚCLEOS DE CASTELO DE FRADES, RIONAVAL E AIROÁ	5.356,14€	0,00€	5.356,14€

A Alcaldía do Concello de Cervantes a través de escrito de 26 de outubro de 2018 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que se indican, segundo xustificación que consta no expediente, ata o prazo sinalado:

INVERSIÓN	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
SANEAMENTO NO NÚCLEO DE POBOACIÓN DE CASAS DO RIO, INCLUÍDO ELABORACIÓN PROXECTO	30-11-2018	15-12-2018
CERRAMENTO EXTERIOR EN EDIFICIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES EN SAN ROMÁN	30-11-2018	15-12-2018

O Concello de Navia de Suarna incluíu ao abeiro do Plan Único 2017 os seguintes investimentos:

NAVIA DE SUARNA	141	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DE CAMIÑOS EN COEA, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO REDACION PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA			
		FINANCIACIÓN	27.645,32	0,00	27.645,32	X
	142	IDENTIFICACIÓN	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN BARCIA, MARCELÍN E FREIXÍS (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO REDACION PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA			
		FINANCIACIÓN	13.830,57	0,00	13.830,57	X
	143	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DE CAMIÑOS EN MOSTEIRO (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO REDACION PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA			
		FINANCIACIÓN	23.928,16	0,00	23.928,16	X
	144	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO DA PISTA POLIDEPORTIVA DAS VEIGAS, INCLUÍDO REDACION PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA			
		FINANCIACIÓN	16.226,01	0,00	16.226,01	X
	145	IDENTIFICACIÓN	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILAGONCIDE (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO REDACION PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA			
		FINANCIACIÓN	15.778,22	0,00	15.778,22	X
	146	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO DE VILELA, MURIAS DE RAO E BECERRAL, INCLUÍDO REDACION PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA			
		FINANCIACIÓN	11.506,97	0,00	11.506,97	X
	147	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS DO ENTORNO DA IGREXA DA POBRA DE NAVIA, INCLUÍDO REDACION PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA			
		FINANCIACIÓN	87.645,57	12.064,70	99.710,27	X



Por acordo da Xunta de Goberno de data 19 de outubro de 2018, foi incluído como investimento financiado con cargo aos remanentes producidos nas adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente a actuación que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
ACONDICIONAMENTO DA RUA CANTALARRANA, INCLUÍDO HONORARIOS	14.785,76€	0,00€	14.785,76€

A Alcaldía do Concello de Navia de Suarna, a través de escrito de data 25 de agosto de 2018 solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación do investimento que se indica, segundo xustificación que consta no expediente ata o prazo sinalado:

INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
ACONDICIONAMENTO DA RUA CANTALARRANA, INCLUÍDO HONORARIOS	30-11-2018	14-12-2018

O Concello de Oourol incluíu ao abeiro do Plan Único 2017 os seguintes investimentos:

OUROL	153	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A CHAO DE OUROL, SOBRADO, CERDEIRAS, MUIÑOS DO REI A GRANDAL CON VIVEIRO, VIGO, POUSADA, NOGARIDO, AGRO, CRISTO, OUTEIRO, CASTIÑEIRA, BURGÁS, COUSO, CAMPO DE CABO, TOXOSO, CARREIRA, A REGA E XANCEDA, P.K. 0+000 - 77+049			
		FINANCIACIÓN	203.513,93	31.537,46	235.051,39	X

Resultando que polo Pleno en sesión ordinaria de 28 de novembro de 2017 foi aprobada a modificación da obra nº 153 incluída polo Concello de Oourol no Plan Único 2017, quedando do seguinte xeito:

OUROL	153	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A CHAO DE OUROL, SOBRADO, CERDEIRAS, MUIÑOS DO REI A GRANDAL CON VIVEIRO, VIGO, POUSADA, NOGARIDO, AGRO, CRISTO, OUTEIRO, CASTIÑEIRA, BURGÁS, COUSO, CAMPO DE CABO, A REGA E XANCEDA, P.K. 0+000 - 77+049				
		FINANCIACIÓN	203.513,93	31.537,46	235.051,39		X

Así mesmo por acordo da Xunta de Goberno de data 3 de agosto de 2018 acordouse acceder ao solicitado polo Concello de Oourol e que puidera adicar os remanentes xerados no investimento incluído inicialmente no Plan Único aos seguintes investimentos:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MANTEMENTO E MELLORA DOS ACCESOS A IGREXA DE XERDIZ, PISTA CASANOVA- CAHO DAS MEDAS, CAMIÑO NA BARRELA, PISTA PORTO DO MENDO, ACCESOS EN ANXERIZ, PAZOS E A MOSCALLOS	48.881,23€	15.560,15€	64.441,38€

A Alcaldía do Concello de Oourol a través de escrito de 29 de outubro de 2018 solicita unha prórroga para a execución e xustificación do investimento que se indica, segundo xustificación que consta no expediente ata o prazo sinalado:

INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
MANTEMENTO E MELLORA DOS ACCESOS A IGREXA DE XERDIZ, PISTA CASANOVA- CAHO DAS MEDAS, CAMIÑO NA BARRELA, PISTA PORTO DO MENDO, ACCESOS EN ANXERIZ, PAZOS E A MOSCALLOS	30-11-2018	15-12-2018

O Concello de Ribas de Sil incluíu ao abeiro do Plan Único 2017 os seguintes investimentos:



RIBAS DE SIL	202	IDENTIFICACIÓN	CONSTRUCCIÓN DE CAMPING MUNICIPAL			
		FINANCIACIÓN	96.653,90	329.000,00	425.653,90	
	203	IDENTIFICACIÓN	OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS: CASA DO CONCELLO, PAVILLÓN MUNICIPAL E DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE AUGA; E EN INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN CIMA DE VILA, ESCOLEIRA, MOREIRAS DE ABAIXO, MOREIRAS DO MEDIO, POZAS, A PEZA -FILGUEIRO, VILARES, CORTES, VENTOSA, SAN LORENZO, AS FONTES, OS CASTROS, RELOSÍO E POUSANOVA			
		FINANCIACIÓN	10.406,00	0,00	10.406,00	
	204	IDENTIFICACIÓN	RENOVACIÓN DE TUBERÍA DE IMPULSIÓN EN SAN CLODIO			
		FINANCIACIÓN	49.892,38	0,00	49.892,38	

A Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, a través de escrito de 26 de outubro de 2018 solicita unha prórroga para a execución e xustificación do investimento que se indica, segundo xustificación que consta no expediente, ata o prazo sinalado:

INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
CONSTRUCCIÓN DE CAMPING MUNICIPAL	15-12-2018	15-12-2018

O Concello de Xermade incluíu ao abeiro do Plan Único 2017 os seguintes investimentos:

XERMADE	259	IDENTIFICACIÓN	REPARACIÓN E MELLORA DE FIRME EN DOUS VIAIS EN LOUSADA E NA ESCOLA DE MIRAZ, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO REDACIÓ DE PROXECTO			
		FINANCIACIÓN	91.021,28	15.325,20	106.346,48	
	260	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DE FIRME NA ESCOLA DE CANDAMIL E NO CAMPO DE FÚTBOL DE MOMÁN, INCLUÍDO REDACIÓ DE PROXECTO			
		FINANCIACIÓN	19.349,40	0,00	19.349,40	
	261	IDENTIFICACIÓN	MELLORA NA EFICIENCIA ENERXÉTICA DE ALUMEADOS PÚBLICOS EN MOMÁN, (segundo coordenadas UTM)			
		FINANCIACIÓN	24.000,00	0,00	24.000,00	
	262	IDENTIFICACIÓN	CONSTRUCCIÓN DE DEPÓSITO DE RESERVA ANTIINCENDIOS EN ROUPAR, INCLUÍDO REDACIÓ DE PROXECTO			
		FINANCIACIÓN	10.484,00	0,00	10.484,00	
	263	IDENTIFICACIÓN	INSTALACIÓN DE EQUIPO DE CONTROL E DOSIFICACIÓN DE CLORO NOS DEPÓSITOS DE MOMÁN E VILACIDE			
		FINANCIACIÓN	10.890,00	0,00	10.890,00	
	264	IDENTIFICACIÓN	ADQUISIÓN DE VEHÍCULO PARA SERVIZOS SOCIAIS E SERVIZO DE AUGAS			
		FINANCIACIÓN	10.000,00	0,00	10.000,00	
	265	IDENTIFICACIÓN	ADQUISIÓN DE CAMIÓN GUINDASTRE			
		FINANCIACIÓN	22.000,00	0,00	22.000,00	

A Alcaldía do Concello de Xermade, a través de escrito de 29 de outubro de 2018 solicita unha prórroga para a execución e xustificación do investimento que se indica, segundo xustificación que consta no expediente ata o prazo sinalado:

INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
INSTALACIÓN DE EQUIPO DE CONTROL E DOSIFICACIÓN DE CLORO NOS DEPÓSITOS DE MOMÁN E VILACIDE	30-11-2018	30-11-2018

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos que se indican, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos indicados, debendo de remitir a esta Deputación, de forma individual para cada investimento a xustificación do mesmo nas datas indicadas.

INVESTIMENTO	CONCELLO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
SANEAMENTO NO NÚCLEO DE POBOACIÓN DE CASAS DO RIO, INCLUÍDO ELABORACIÓN PROXECTO	CERVANTES	30-11-2018	15-12-2018
CERRAMENTO EXTERIOR EN EDIFICIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES EN SAN ROMÁN		30-11-2018	15-12-2018
ACONDICIONAMENTO DA RUA CANTALARRANA, INCLUÍDO HONORARIOS	NAVIA DE SUARNA	30-11-2018	14-12-2018
MANTEMENTO E MELLORA DOS ACCESOS A IGREXA DE XERDIZ, PISTA CASANOVA-CAHO DAS MEDAS, CAMIÑO NA BARRELA, PISTA PORTO DO MENDO, ACCESOS EN ANXERIZ, PAZOS E A MOSCALLOS	OUIROL	30-11-2018	15-12-2018
CONSTRUCCIÓN DE CAMPING MUNICIPAL	RIBAS DE SIL	15-12-2018	15-12-2018
INSTALACIÓN DE EQUIPO DE CONTROL E DOSIFICACIÓN DE CLORO NOS DEPÓSITOS DE MOMÁN E VILACIDE	XERMADE	30-11-2018	30-11-2018

2º.- Dar traslado do presente acordo aos Concellos indicados no cadro precedente para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.



3.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Resultando que polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 foron aprobadas as Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 51 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Resultando que dito Plan foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

Tendo en conta que nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.

Resultando que a Xunta de Goberno con data 26 de outubro de 2018 acordou que as solicitudes de prórrogas para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, efectuadas dentro do prazo previsto na base 18 (31 de outubro de 2018), pero recibidas na Deputación con posterioridade a esa data límite, conforme aos criterios e pautas fixadas nas bases e en exercicios anteriores, pode entenderse que son susceptibles de seren autorizadas pola propia Xunta de Goberno, aínda que en acordo adoptado con posterioridade ao 31 de outubro de 2018.

Tendo en conta que as Alcaldías dos Concellos que se indican solicitan unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

O Concello de Palas de Rei incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

PALAS DE REI	176	IDENTIFICACIÓN	FORMIGONADOS EN CABANA, OROSA, PAMBRE, CUBELO, MACEDA, RIBEIRA, AVIEIRA, PORTO DO CARRO E O CORRAL			
		FINANCIACIÓN	81.414,03	18.585,70	99.999,73	X
	177	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO EDIFICIO CASA DA CULTURA DE PALAS DE REI			
		FINANCIACIÓN	17.996,45	0,00	17.996,45	X
	178	IDENTIFICACIÓN	ADECUACIÓN DOS VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL			
		FINANCIACIÓN	17.995,94	0,00	17.995,94	X
	179	IDENTIFICACIÓN	REHABILITACIÓN DE CAMIÑO EN VILAREDA E MURO DE CONTENCIÓN EN TRASMIL (segundo coordenadas UTM)			
		FINANCIACIÓN	17.130,79	0,00	17.130,79	X
	180	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DA RÚA DAS HORTAS, RÚA DAS LAGAS E RÚA REPÚBLICA ARXENTINA EN PALAS DE REI			
		FINANCIACIÓN	48.113,29	0,00	48.113,29	X

Resultando que pola Alcaldía do Concello de Palas de Rei, a través de escrito de data 25 de outubro de 2018, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA
Nº	IDENTIFICACIÓN	ADXUDICACIÓN ATA
179	REHABILITACIÓN DE CAMIÑO EN VILAREDA E MURO DE CONTENCIÓN EN TRASMIL (segundo coordenadas UTM)	15-12-2018

O Concello de Ribas de Sil incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

RIBAS DE SIL	242	IDENTIFICACIÓN	SUBSTITUCIÓN DE TUBERÍAS DE IMPULSIÓN E DISTRIBUCIÓN EN SAN CLODIO. TRAMO PUMARES-DEPÓSITO NOVO, INCLUÍDO HONORARIOS			
		FINANCIACIÓN	57.895,28	9.456,30	67.351,58	X
	243	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DUNHA NAVE E GASTOS RELATIVOS Á COMPRA INCLUÍDOS			
		FINANCIACIÓN	75.000,00	0,00	75.000,00	X
	244	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DIVERSO, (MOTOSERRA, PICADOR, CORTACÉPEDE, TALADROS, ANDAMIOS, ETC) PARA BRIGADA DE OBRAS DO CONCELLO E PROTECCIÓN CIVIL			
		FINANCIACIÓN	5.142,50	0,00	5.142,50	X



A Alcaldía do Concello de Ribas de Sil a través de escrito de data 261 de outubro de 2018 solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
242	SUBSTITUCIÓN DE TUBERÍAS DE IMPULSIÓN E DISTRIBUCIÓN EN SAN CLODIO. TRAMO PUMARES-DEPÓSITO NOVO, INCLUÍDO HONORARIOS	15-12-2018
243	ADQUISICIÓN DUNHA NAVE E GASTOS RELATIVOS Á COMPRA INCLUÍDOS	15-12-2018
244	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DIVERSO, (MOTOSERRA, PICADOR, CORTACÉSPEDA, TALADROS, ANDAMIOS, ETC) PARA BRIGADA DE OBRAS DO CONCELLO E PROTECCIÓN CIVIL	15-12-2018

O Concello de Sober incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

SOBER	234.239,49 €	274	IDENTIFICACIÓN	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN ROSENDE, INCLUÍDO HONORARIOS			
			FINANCIACIÓN	36.130,79	15.325,21	51.456,00	X
		275	IDENTIFICACIÓN	AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO ATA O CAMPO DO SAN MIGUEL, INCLUÍDO HONORARIOS			
			FINANCIACIÓN	36.046,40	0,00	36.046,40	X
		276	IDENTIFICACIÓN	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN OUTEIRO E RIBAS, INCLUÍDO HONORARIOS			
			FINANCIACIÓN	30.618,81	0,00	30.618,81	X
		277	IDENTIFICACIÓN	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN VILLOSCURA, INCLUÍDO HONORARIOS			
			FINANCIACIÓN	73.872,00	0,00	73.872,00	X
		278	IDENTIFICACIÓN	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN O TARO, VILABALDE, PRADOS, XANIMOL E VELEIGAZ, INCLUÍDO HONORARIOS			
			FINANCIACIÓN	57.571,49	0,00	57.571,49	X

A Alcaldía do Concello de Sober, a través de escritos de datas 29 e 30 de outubro de 2018 solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA
Nº	IDENTIFICACIÓN	ADXUDICACIÓN ATA
274	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN ROSENDE, INCLUÍDO HONORARIOS	31-03-2019
276	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN OUTEIRO E RIBAS, INCLUÍDO HONORARIOS	31-03-2019

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos que se indican, e en consecuencia, concederlles a prórroga solicitada para a adxudicación da obra indicada deseguido, debendo de remitir a esta Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración.

INVESTIMENTO		PRORROGA	PRORROGA
Nº	IDENTIFICACIÓN	ADXUDICACIÓN	ADXUDICACIÓN
		ATA	ATA
179	REHABILITACIÓN DE CAMIÑO EN VILAREDA E MURO DE CONTENCIÓN EN TRASMIL (segundo coordenadas UTM)	PALAS DE REI	15-12-2018
242	SUBSTITUCIÓN DE TUBERÍAS DE IMPULSIÓN E DISTRIBUCIÓN EN SAN CLODIO. TRAMO PUMARES-DEPÓSITO NOVO, INCLUÍDO HONORARIOS	RIBAS DE SIL	15-12-2018
243	ADQUISICIÓN DUNHA NAVE E GASTOS RELATIVOS Á COMPRA INCLUÍDOS		15-12-2018
244	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DIVERSO, (MOTOSERRA, PICADOR, CORTACÉSPEDA, TALADROS, ANDAMIOS, ETC) PARA BRIGADA DE OBRAS DO CONCELLO E PROTECCIÓN CIVIL		15-12-2018
274	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN ROSENDE, INCLUÍDO HONORARIOS	SOBER	31-03-2019
276	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN OUTEIRO E RIBAS, INCLUÍDO HONORARIOS		31-03-2019



2º.- Dar traslado do presente acordo aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Triacastela coa finalidade común de colaborar na “Redacción de proxecto museolóxico, asesoría científica e soportes interpretativos complementarios do Centro de Interpretación: O Paleolítico das Serras Orientais. A Cova de Eirós.*

Logo de ver que Dona María Olga Iglesias Fontal, Alcaldesa do Concello de Triacastela achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público) de data 17 de setembro de 2018, e posterior aclaración/modificación ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autónoma impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memoria para a realización conxunta polo Concello de Triacastela e esta Excma. Deputación Provincial, das actuacións de: “Redacción de proxecto museolóxico, asesoría científica e soportes interpretativos complementarios do Centro de Interpretación: “O Paleolítico das Serras Orientais. A Cova de Eirós”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente.

Logo de ver o expediente administrativo relativo a este Convenio que ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Concello de Triacastela e esta Entidade Provincial en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns anteriormente amentados, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
REDACIÓN DE PROXECTO MUSEOLÓXICO, ASESORÍA CIENTÍFICA E SOPORTES INTERPRETATIVOS COMPLEMENTARIOS DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN: O PALEOLÍTICO DAS SERRAS ORIENTAIS. A COVA DE EIRÓS	31.000,00€	800,00€
TOTAL	31.800,00€	

O Concello de Triacastela xestionará e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir o investimento e encargarse da súa futura implementación no territorio.

Tendo en conta que para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Triacastela, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE TRIACASTELA
2018	31.000,00€	800,00€

Concello de Triacastela: As obrigas de facer e as achegas relacionadas no Convenio interadministrativo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Triacastela coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de “Redacción de proxecto museolóxico, asesoría científica e soportes interpretativos complementarios do Centro de Interpretación: “O Paleolítico das Serras Orientais. A Cova de Eirós”, cun orzamento total de 31.800,00 euros.



2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte desta Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 31.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral desta Entidade para a anualidade 2018.

Segundo.- *Proposta relativa á modificación do Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santa Cruz do Picato para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Acondicionamento do campo da feira de Sobrado”, na anualidade 2017.*

Resultando que pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 11 de decembro de 2017 foi aprobada a excepcionalidade e outorgada unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 56.153,53€, a favor de CMVMC Santa Cruz do Picato, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Acondicionamento campo da Feira de Sobrado”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratégico de Subvencións 2017-2019, con cargo ao orzamento desta Excma. Deputación Provincial para o ano 2017. O devandito Convenio foi asinado o 19 de decembro de 2017.

Resultando que o Presidente da Comunidade de Montes en Man Común de Santa Cruz do Picato remitiu escrito, o 15 de outubro de 2018 no que, despois de expoñer que o proxecto xa está rematado por completo (e a obra entregada) e que, en consecuencia, se ten realizado o pago do 80% á empresa construtora, solicita o ingreso do pago do 20% restante para levar a cabo a finalización do pago á empresa construtora.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Modificar a cláusula adicional, intitulada “Anticipos” do Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santa Cruz do Picato para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Acondicionamento do campo da feira de Sobrado”, anualidade 2017, asinado o 19 de decembro de 2017, no senso de que se contemple un importe do anticipo de ata un 95%, nos termos

da addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES DOS PREMIOS “EMPRENDEDO NO RURAL”.

Tendo en conta que a situación dada pola escaseza de emprego súmase a precarización do mercado laboral, na que os contratos estables e a tempo completo cederon espazo aos empregos a tempo parcial cunha temporalidade definida en detrimento do traballador; ademais o traballo por conta allea perdeu peso en favor da contratación puntual de profesionais, o que motivou a proliferación do emprego autónomo, baseando a súa actividade na necesidade e non nun proxecto sostible ou nunha motivación emprendedora, polo que dende esta Deputación Provincial tentase corrixir esta situación lanzando ditos premios.

Tendo en conta que este Programa será financiado por esta Deputación Provincial, por un importe de 50.000,00 € para o ano 2018 consistindo en cinco premios de 10.000 € cada un. Poderán participar neste concurso emprendedores/as cunha idea ou proxectos de actividade válido e viable para poñer en marcha, en calquera dos municipios da Provincia agás Lugo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Intervención, Promoción Económica e Emprego, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria e as bases de concesión dos premios “Emprendendo no Rural”.

2º.- Aprobar o gasto dos premios de 50.000 euros para o ano 2018 distribuídos en cinco premios de 10.000 euros.

3º.- Aprobar os Anexos de solicitude.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ENTIDADE BENEFICIARIA DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.



Resultando que con data 8 de setembro de 2017 pola Xunta de Goberno foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I. O extracto da convocatoria e as bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 221 do 25 de setembro de 2017.

Resultando que con data 2 de novembro de 2017 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 251 o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 13 de outubro do 2017 polo que se aproba unha corrección de erro nas Bases do Programa de Emprego da Provincia de Lugo Ben Empregado IV.

Resultando que con data 29 de decembro de 2017 a Xunta de Goberno aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos e con data 2 de xaneiro de 2018 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 001 a relación definitiva de empresas beneficiarias.

Tendo en conta que renuncia á subvención outorgada a seguinte entidade beneficiaria:

EXP.	EMPRESA	SUBVENCION	D. RENUNCIA
BE4/A-17-29930	JAIRO VEIGA MON	9.000,00 €	30/10/2018

Por todo elo, tendo en conta os informes da Unidade de Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia da empresa anteriormente dita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informe emitido polo director técnico da obra e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial; así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

Obra: Obras de conservación fachadas e carpintería no Pazo de Tor. Termo municipal de Monforte de Lemos.

Contratista: Modesto José Teijeiro Valledor.

Director técnico: Unidade de Proxectos.

8.- CREACIÓN DE COMITÉ DE PROTECCIÓN DE DATOS E DESIGNACIÓN DELEGADO PROTECCIÓN DATOS.

Logo de ver que a entrada en vigor do Regulamento Europeo de Protección de Datos (RGPD) - Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos personais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos), supón unha modificación substancial neste ámbito, cada vez máis importante no contexto da sociedade da información e das enormes posibilidades de inxerencia na esfera da intimidade persoal e familiar que as novas tecnoloxías comportan; até tal punto que a protección de datos de carácter persoal ten sido declarado polo Tribunal Constitucional – STC 292/2000 – un



verdadero derecho fundamental, autónomo e claramente diferenciado dos que se garantan polo artigo 18 da Constitución.

Logo de ver que actualmente estase a executar nesta Deputación un proxecto de adecuación da entidade ao novo paradigma normativo en materia de protección de datos de carácter persoal, e unha das decisións propostas no ámbito de dito proxecto é a creación a nivel interno dun Comité de Protección de Datos, o cal traballará para exercer labores de asesoramento, cumprimento do RGPD e inspección a nivel protección e tratamento de datos de carácter persoal na Deputación de Lugo. Dito comité estará formado por cinco membros de persoal da entidade, dos servizos que teñan un carácter máis transversal dentro da entidade e que estean estreitamente involucrados en materia de protección de datos, de tal forma que no comité sexa multidisciplinar no que se vexan representados os diferentes ámbitos e sectores da Deputación. O presidente de este comité será nomeado e actuará como Delegado de Protección de Datos na Deputación.

Logo de ver os informes emitidos por esta Entidade Provincial, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a conformación, constitución e estrutura do Comité de Protección de Datos, que sería a seguinte:

- Un funcionario adscrito ao servizo de Recursos Humanos: D. Xesús Arrizado Yáñez ou suplente.
- Un funcionario adscrito ao servizo de Contratación e Fomento: D. Manuel Ángel Jove Losada ou suplente.
- O funcionario nomeado como delegado de protección de datos para concellos do servizo de Cooperación e Asistencia a Concellos: D. Manuel Castiñeira Castiñeira ou suplente.
- Unha funcionaria adscrita ao servizo de Benestar Social: Dna. Silvia García López ou suplente.

- Un funcionario adscrito ao servizo de Novas Tecnoloxías: D. Diego Rodríguez Albaronedo ou suplente.

2º.- Aprobar o nomeamento como presidente deste comité e como Delegado de Protección de Datos desta Deputación Provincial ao membro adscrito ao servizo de Recursos Humanos: Don Xesús Arrizado Yáñez ou quen o substitúa.

3º.- Aprobar que o sistema de substitucións do persoal designado nesta comisión se rexa segundo o previsto no réxime de asistencias do regulamento do funcionamento de dita comisión.

4º.- Aprobar que no prazo de 1 (un) mes desde a aprobación na Xunta de Goberno desta proposta, se leve a cabo a primeira reunión para a constitución da comisión e para comezar coa redacción do regulamento de funcionamento da mesma.

9.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPADA 2017-2018.

Resultando que pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 23 de marzo de 2018, foron aprobadas as bases e aos modelos de solicitude que habían de rexer no procedemento de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2017-2018. O extracto das bases, dos modelos e da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 080, do luns, 9 de abril de 2018.

Resultando que pola Xunta de Goberno con data 8 de outubro de 2018 foi aprobada a conta xustificativa de PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, de subvención en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas da provincia de Lugo para os gastos de temporada 2015-16 pola súa participación en ligas ou campionatos oficiais



federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, anualidade 2016, concedida por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de decembro de 2016, e inicio de procedemento de reintegro parcial e apertura de trámite de audiencia e que establecía un reintegro parcial por importe de 28.015,68, cos intereses que, segundo a normativa de aplicación a citada cantidade xere.

Tendo en conta que de acordo co artigo 35. Retención de pagamentos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e que nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas na listaxe da desagregación de orzamento que se achegan no expediente e na acta da comisión de avaliación correspondente, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión coa documentación que acompañan ás solicitudes.

Logo de ver que para estes efectos se achega a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos para a concesión de subvencións.

Tendo en conta que, con data 5 de novembro de 2017 se constituíu a Comisión de Avaliación prevista, que acordou elevar proposta de concesión de acordo co establecido nas Bases.

Tendo en conta o orzamento previsto de acordo coa base 5ª da convocatoria:

ORZAMENTO	IMPORTE
CONCORRENCIA NON COMPETITIVA CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2017-2018	470.000,00 €

Logo de ver o informe da Comisión de avaliación, os informes dos Servizos desta Deputación, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan na seguinte listaxe referidas os clubs deportivos e ao orzamento previsto para eles nas citadas bases.

Entidade e importe da subvención:

NOME ENTIDADE	IMPORTE	DEPORTE
PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA	114.405	FÚTBOL SALA
CLUB PORTA XI, CLUB DE BALONCESTO	89.285	BALONCESTO
CLUB DEPORTIVO BURELA F.S.	137.286	FÚTBOL SALA
CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL	37.500	FÚTBOL
CLUB EMEVÉ	91.524	VOLEIVOL
TOTAL	470.000,00	

2º.- Acordar a suspensión cautelar dos libramentos de pagamento das cantidades pendentes de aboarlle a PRONE LUGO ASOCIACIÓN DEPORTIVA, sen superar, en ningún caso, o importe que fixen Á proposta ou resolución de inicio do expediente de reintegro, cos xuros de demora devengados ata aquel momento.

10.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2018.

Resultando que pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 13 de abril de 2018 foron aprobadas as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer no procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2018. Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 095 do xoves 26 de abril de 2018.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que figuran no expediente e que foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan ás solicitude para participar no concurso.



Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente. Para estes efectos, achéganse dúas listaxes nas que inclúen os solicitantes propostos para cadansúa liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que as solicitudes admitidas se refiren ás actividades ou comportamentos executados ao longo do ano 2018.

Resultando que con data 5 de novembro de 2018 se constituíu a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instructor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non axustarse ás bases do concurso ou teren presentado desistencia.

Tendo en conta que as subvencións concedidas suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas e cos importes que se indican:

Subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da Provincia de Lugo

FINALIDADE	IMPORTE
ACTIVIDADE COMPETITIVA	400.000 €
EVENTOS DEPORTIVOS	85.000 €
TOTAL	485.000 €

Logo de ver o informe da Comisión de avaliación, os informes dos Servizos desta Deputación, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan nas listaxes que se anexan ao expediente, comezando por “Asoc. Sagrado Corazón” e rematando por “Asoc. Cultural Recreativa

e Deportiva Andradetae”; así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes.

11.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Dáse conta do Auto número 91/2018 de 31 de xullo ditado no Procedemento Ordinario 279/2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, seguido a instancia de Dona María Luísa Lamela Rodríguez e outros fronte á desestimación presunta da solicitude de inicio de expediente de expropiación forzosa da finca urbana denominada “Redondelo”, polo que se estiman as alegacións previas formuladas por esta Deputación e se inadmite o recurso contencioso por falta de esgotamento da vía administrativa. A Xunta de Goberno queda enterada.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.